



## LEO, LEO... QUE LES?

Campaña de conmemoración do Día Internacional do Libro

### Descrición:

---

Soutomaior únese á Conmemoración do día 23 de Abril día Internacional do Libro para fomentar a lectura como un valor universal que nos fai crecer como persoas e como comunidade.

Coa lectura adquirimos coñecemento e podemos comprender mellor o mundo que nos rodea. Podemos viaxar a calquera sitio sen ter que desprazarnos e nestes tempos nos que a situación sanitaria derivada polo Covid-19 pode ser de gran utilidade porque os libros, en calquera dos seus formatos, poden sernos de gran axuda para dar alas á nosa imaxinación e sentirnos mellor. Ademais, serven para compartir, para comunicar, para manternos conectados e conectadas, aumentan a nosa curiosidade, ...

### Obxectivo:

---

Promover a lectura en todas as idades e poñer en valor o libro como un recurso de lecer e de benestar social e individual.

### Como participar?

---

O Concello de Soutomaior a través do departamento de Cultura promove esta campaña de ANIMACIÓN Á LECTURA: LEO, LEO.. QUE LES? que consiste en:

Escribe unha **mensaxe cun texto** coa que "**Animes a outras persoas a ler e na que recomiendes a túa lectura favorita**" **Máximo 5 liñas**

**O teu texto vai ESCRITO directamente en COMENTA na publicación desta campaña que aparece no Facebook de Cultura e no final do texto especifica o teu nome e apelidos** para poder logo entrar no sorteo.

Os nomes que entrarán a sorteo serán os que figuren no final do texto como autores/as do mesmo.

Non é obrigatorio pero si queres podes acompañar o texto de algunha imaxe.

**Únicamente entrará a sorteo unha publicación por persoa. Si unha persoa asina varios textos entrará en sorteo o primeiro texto subido a Facebook.**

## Quen poden participar?

---

Todas as persoas de calquera idade empadroadas no Concello de Soutomaior. *No caso de ser menores de idade ou de non ten Facebook poderá subir a túa publicación outra persoa porque o importante será o nome que figure no final como autor/a.* Este será o nome que entre a sorteo.

## En que consistirá o sorteo?

---

O/a autor/a do texto entrará nun SORTEO de **40 vales por valor de 25€ para mercar libros.**

O sorteo realizarase publicamente cando se levante o Estado de Alarma. Comunicarase con suficiente antelación no Facebook de Cultura e no do Concello de Soutomaior o día, hora e lugar para que se poida asistir.

Cando finalice o sorteo entregaranse os vales por ese importe **ás persoas gañadoras e pediráselle o seu DNI (NIE ou documento que acredite a súa identidade) para cotexar** que efectivamente existe esa persoa e que non se suplantan identidades.

Durante o sorteo quitaranse máis de 40 nomes co fin de deixar unha lista de agarda por si non se pode verificar a identidade dalgunha das persoas ou se observa defecto.

Os vales poderanse canxear onde se queira. As pautas sobre como facelo indicaranse ese día ás persoas gañadoras do sorteo.

## Datas?

---

Desde 23 ata 30 de abril ás 20.30 h. Soamente se admitirán a sorteo as que se presenten durante este tempo.

## IMPORTANTE

---

O Concello de Soutomaior resérvase o dereito a retirar calquera publicación que se considere atenta contra a dignidade das persoas, sexan ofensivos ou discriminatorios.

**AS PERSOAS QUE PARTICIPAN NESTA INICIATIVA ACEPTAN INTEGRAMENTE ESTAS BASES**